# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

# IES Nº 1 A ESTRADA

CURSO: 2023-2024

PXA 23-24

# Contido


1. **INTRODUCIÓN** ........ **5**
2. **PLAN ANUAL** ........ **6**

2.1. O CENTRO ........ 6

2.1.1. Contexto xeral ........ 6

2.1.2. Datos do centro ........ 7

2.1.3. Recursos humanos ........ 7

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO ........ 9

2.3. AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOSPREVISTOS. ........ 18

3. **HORARIO XERAL DO CENTRO** ........ **21**

3.1. HORARIO LECTIVO ........ 21

3.2. HORAS E CONDICIÓNS DA DISPOÑIBILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNS PARA O ALUMNADO ........ 21

3.3. HORAS E CONDICIÓNS EN QUE O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO PARAA COMUNIDADE ESCOLAR FÓRA DO HORARIO LECTIVO ........ 21

3.4. HORARIO DE VERÁN ........ 22

3.5. DÍAS NON LECTIVOS LOCAIS ........ 22

3.6. CALENDARIO DE CURSO E SESIÓNS DE AVALIACIÓN ........ 24

4. **ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS** ........ **25**

4.1. TRANSPORTE ESCOLAR ........ 25

4.2. CAFETERÍA ........ 26

5. **PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NONDOCENTE** ........ **27**
6. **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIASE EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO** ........ **28**
7. **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN** ........ **32**
8. **ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DABIBLIOTECA** ........ **33**
9. **PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO** ........ **34**
10. **PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO** ........ **36**
11. **PROXECTO EDUCATIVO** ........ **37**

11.1. ANEXO I. DOC ........ 37

11.2. MODIFICACIÓNS AO PEC ........ 37

12. **CONCRECIÓN CURRICULAR** ........ **38**

12.1. MODIFICACIÓNS ........ 38

12.2. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN ........ 38

12.3. MATERIAS CON MENOS DE DEZ ALUMNOS E ALUMNAS ........ 39

13. **LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARESESTABLECIDOS NO CENTRO** ........ **40**
14. **PLAN ANUAL DE LECTURA** ........ **42**
15. **PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL** ........ **42**

**16. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDASAUDABLE ... 42**
**17. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO ... 42**
**18. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL ... 42**
**19. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA ... 42**
**20. SECCIÓN BILINGÜE ... 43**
20.1. PROFESORADO RESPONSABLE ... 43
20.2. SECCIÓNS BILINGÜES ... 43
20.3. METODOLOXÍA EMPREGADA ... 44
20.4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA SECCIÓN BILINGÜE ... 44
20.5. AUXILIAR DE CONVERSA ... 46
**21. PLAN PROXECTA ... 48**
**22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA OCENTRO ... 50**
22.1. PLAMBE ... 50
22.2. CLUB DE LECTURA ... 50
22.3 PROGRAMA CUALE ... 50
22.4. POLOS CREATIVOS ... 51
22.5 CONTRATO-PROGRAMA INCLÚE-T ... 51
22.6 PROXECTO E-DIXGAL ... 52
**23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO ... 53**
I. EDIFICIO A ... 53
II. EDIFICIO B ... 53
III. RECINTO ESCOLAR ... 53
**24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO ... 54**
**25. ANEXOS ... 55**

*Este documento foi avaliado e aprobado polo Claustro de Profesores e Profesoras do IES Nº1 e polo Consello Escolar celebrados o día 14 de decembro de 2023.*

# 1. INTRODUCIÓN

Esta **Programación Xeral Anual** é a concreción para este curso 2023-2024 dos obxectivos e as liñas de actuación que propón a dirección do IES Nº 1 da Estrada, encabezada por Beatriz Quintela Rúa, despois de ser nomeada no curso anterior por dous anos pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

# 2. PLAN ANUAL

## 2.1. O CENTRO

### 2.1.1. Contexto xeral

O IES Nº1 da Estrada está situado no concello da Estrada, cuxa superficie de 281,8 km cadrados o converte nun dos municipios de maior tamaño da provincia da Pontevedra. Pertence á comarca de Tabeirós-Terra de Montes, é capital do partido xudicial do seu mesmo nome e, ademais, constitúe unha das vilas máis poboadas. Os seus 20243 habitantes agrúpanse en 51 parroquias, pero o 50% deles concéntrase no seu núcleo urbano. Aínda que contaba cunha importante industria do sector da madeira e o moble, foi diminuíndo, e actualmente A Estrada é unha vila esencialmente de servizos coas necesidades habituais destas vilas. Está situada preto de Santiago de Compostela, capital administrativa de Galicia e distrito universitario. Dentro do sector dos servizos, destacan o comercio, a hostalaría e o turismo rural, que se está a consolidar nos últimos anos.

O IES está situado nas aforas, a 1,5 Km. do casco urbano, na zona deportiva e xunto aos outros dous institutos de secundaria que ten tamén esta vila.

O recinto escolar está cercado e consta dun edificio principal con tres andares, ximnasio, e unha ampla zona exterior, con patio de columnas e con zona verde onde o alumnado pasa os tempos de lecer.

Neste centro impártense unicamente cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).

O alumnado do IES Nº 1 pertence a familias que, maioritariamente, viven no rural no mesmo domicilio: pais e nais dos alumnos, fillos e fillas e, ás veces, outros membros consanguíneos ou afíns da familia (avós e avoas, tíos...). Na maioría dos casos, aínda que manteñan actividade no sector primario (agricultura e gandaría) para consumo propio, o alumnado non colabora nas tarefas diarias que conleva esa actividade e os proxenitores compatibilizan isto co traballo fóra do sector primario. Hai tamén outro tipo de alumnado que vive na vila e cuxos pais traballan no sector servizos, na industria do moble ou outras opcións, ou van traballar a Santiago e teñen A Estrada como residencia. Temos tamén alumnos e alumnas con pais separados ou divorciados, con situacións diversas: custodia compartidas, custodia para un dos proxenitores, con réxime de visitas para o outro, e mesmo algún caso de perda da tutela para un deles.

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO vén nomeadamente dos catro centros adscritos: O Foxo, Villar Paramá, Cabada Vázquez e Oca. Cóntase ademais con algún alumnado procedente doutros centros de A Estrada ou outras localidades, por diversos motivos.

En xeral as familias colaboran e interésanse pola formación dos seus fillos e fillas, aínda que vivir fóra do núcleo urbano poida dificultar achegarse con frecuencia ao IES. Cóntase coa participación das familias dende o Consello Escolar e a Asociación de nais e pais de alumnado

(ANPA). Nalgún casos é preciso a colaboración con outros servizos para dar resposta ás necesidades dalgunhas familias. Pola implicación co noso centro, destácanse as seguintes institucións ou entidades: Servizos Sociais do Concello de A Estrada, Centro de Axuda Social e Cáritas, entre outras.
Por outra parte, o centro dispón de servizo de transporte escolar para o alumnado do centro que cumpra os requisitos esixidos pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

### 2.1.2. Datos do centro

| DATOS DO CENTRO | |
|---|---|
| CÓDIGO | 36020258 |
| NOME | IES Nº1 |
| ENDEREZO | Rúa da Piscina s/n |
| CONCELLO | A Estrada |
| PROVINCIA | Pontevedra |
| CÓDIGO POSTAL | 36680 |
| TELÉFONO | 886151031 |
| CIF | S-8600087-D |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | ies.numero1.estrada@edu.xunta.gal |

### 2.1.3. Recursos humanos

#### 2.1.3.1. Equipo directivo

| EQUIPO DIRECTIVO | |
|---|---|
| **Directora** | Beatriz Quintela Rúa |
| **Xefa de estudos** | Mª Hortensia Rodríguez Vicente |
| **Secretaria** | Mª Isabel Rodríguez Louzao |

#### 2.1.3.2. Comisión de coordinación pedagóxica

| CCP | |
|---|---|
| **Directora** | Beatriz Quintela Rúa |
| **Xefa de estudos** | Mª Hortensia Rodríguez Vicente |
| **Orientadora** | Lourdes Bao Cebeiro |
| **Especialista en Pedagoxía Terapéutica** | Patricia Garaboa Vázquez |
| **Coordinación do EDLG** | Mónica Mato Bustelo |

| | |
|---|---|
| **Coordinación Biblioteca** | Ana Mª Fernández Mella |
| **Coordinación de DACE** | Ana Isabel Mesego Pazos |
| **Xefe de Departamento de Tecnoloxía** | Xosé Manuel Lareo Sánchez |
| **Xefa de Departamento de Xeografía e Historia** | Rosario Blanco Gómez |
| **Xefe de Departamento de Música** | José Manuel Piñeiro Lourido |
| **Xefa de Departamento de Matemáticas** | Matilde Picáns Villar |
| **Xefa de Departamento de Lingua Castelá** | Ana Mª Fernández Mella |
| **Xefe de Departamento de Lingua Galega** | Román Cerqueiro Landín |
| **Xefa de Departamento de Inglés** | Ana Isabel López Novo |
| **Xefa de Departamento de Francés** | Mónica Mato Bustelo |
| **Xefe de Departamento de EPeV** | Alejandro Sanmartín Enríquez |
| **Xefe de Departamento de Educación Física** | Mª Belén Mosquera Morono |
| **Xefa de Departamento de Física e Química** | Ana Isabel Mesego Pazos |
| **Xefe de Departamento de Bioloxía e Xeoloxía** | Jorge Agulló García |

#### 2.1.3.3. Profesorado

Este curso, no momento da redacción deste documento, contamos cun cadro de 20 profesores e profesoras, ao que sumamos as especialistas en Pedagoxía Terapéutica e o profesor de relixión.

#### 2.1.3.4. Alumnado

Neste curso, no momento da redacción deste documento, hai un total de 140 alumnos e alumnas matriculados no IES Nº1. A continuación achéganse os datos de reparto do alumnado nas diferentes ensinanzas regradas que se imparten no centro:

| **DATOS DE MATRÍCULA[1]** | | | |
|---|---|---|---|
| **REXIME** | **ENSINANZA** | **CURSO** | **ALUMNADO** |
| **Ordinario** | ESO | 1º Ensinanza secundaria obrigatoria | 35 |
| | | 2º Ensinanza secundaria obrigatoria | 34 |
| | | 3º Ensinanza secundaria obrigatoria | 37 |
| | | 4º Ensinanza secundaria obrigatoria | 34 |
| | | Total ESO | 140 |

[1] Con data 15/11/2023

#### 2.1.3.5. Persoal non docente

O IES Nº1 conta actualmente co seguinte persoal non docente:

- 1 auxiliar administrativo.
- 2 conserxes.

- 2 persoas do servizo de limpeza.

Ademais, a persoa titular da empresa adxudicataria do servizo de cafetería ofrece este servizo a toda a comunidade educativa.

## 2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

A seguir, descríbense os obxectivos para o presente curso académico e indícanse medidas a desenvolver para a súa consecución, recursos previstos para o efecto, responsables e temporalización.

Estes obxectivos parten do desenvolvido ata este curso e teñen en conta a memoria anual realizada ao remate do curso pasado.

1. Ofrecer unha educación de calidade que desenvolva as capacidades do alumnado e mellore os seus resultados académicos.
2. Mellorar a atención á diversidade.
3. Fomentar a convivencia, a non discriminación e a igualdade de xénero.
4. Potenciar a orientación académica e profesional, para mellorar o éxito escolar e a inserción laboral.
5. Promover a formación permanente do profesorado e a súa participación en accións de innovación no ámbito da educación secundaria.
6. Incrementar as competencias do alumnado para un entorno global.
7. Dinamizar a utilización do galego como lingua vehicular da comunidade educativa
8. Revisar, actualizar e, se for preciso, elaborar os diferentes documentos e plans do Centro.
9. Integrar e potenciar a utilización das TIC no ámbito docente, administrativo e de interacción coa comunidade educativa.
10. Organizar e xestionar os recursos humanos, materiais e económicos.
11. Favorecer a comunicación e participación das familias no IES.
12. Xestionar e promover a organización das actividades extraescolares.

| **Obxectivo 1: Ofrecer unha educación de calidade que desenvolva as capacidades do alumnado e mellore os seus resultados académicos.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Elaborar os plans de recuperación de pendentes. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Elaboración de plans de recuperación | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Profesorado e Departamento de Orientación | | |
| **Recursos** | Reunións entre os membros dos departamentos. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 2** | Informar e comunicar ao alumnado e ás familias os plans de recuperación de pendentes e, se houber, as datas de recuperación. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Envío de mensaxería (correo ou Abalar) ao alumnado e ás familias | | |
| **Responsables** | Equipo directivo e titores e titoras | | |
| **Recursos** | A rede de mensaxería Abalar. | | |
| **Acción 3** | Elaborar plans de reforzo coa finalidade de que o alumnado acade as aprendizaxes mínimas esixibles. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Elaboración de plans de reforzo para o alumnado. | | |
| **Responsables** | Departamentos didácticos | | |
| **Recursos** | Recursos humanos e materiais | | |
| **Acción 4** | Ofertar itinerarios educativos atractivos para o alumnado, dentro das posibilidades do centro. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Oferta dos itinerarios na matrícula | | |
| **Responsables** | Equipo directivo | | |
| **Recursos** | Papeis da matrícula coa oferta educativa | | |
| **Acción 5** | Comunicar e informar dos criterios de avaliación e de cualificación ás familias e ao alumnado. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Exposición dos criterios de avaliación e cualificación na páxina web do IES. | | |
| **Responsables** | Xefatura de estudos e responsable páxina web. | | |
| **Recursos** | Taboleiro e páxina web | | |
| **Acción 6** | Reforzar a participación do centro en Contratos programa | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de accións concedidas. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Orientación, Departamentos | | |
| **Recursos** | Recursos humanos e dixitais. | | |
| **Acción 7** | Potenciar e continuar coa oferta dos clubs de lectura e teatro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Desenvolvemento das actividades. | | |
| **Responsables** | Equipo Biblioteca, equipo Dinamización, axentes externos. | | |
| **Recursos** | Reunións na biblioteca, charlas con autores e autoras. | | |
| **Acción 8** | Ofertar a actividade de xadrez nos recreos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Desenvolvemento da actividade de xadrez nos recreos | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Equipo de Biblioteca, axentes externos. | | |
| **Recursos** | A Biblioteca, taboleiros e pezas de xadrez; manuais de aprendizaxe. | | |
| **Acción 9** | Actualizar e desenvolver o Plan Lector de Centro | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Actualización e desenvolvemento do Plan Lector neste curso. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Biblioteca, Departamentos didácticos | | |
| **Recursos** | Reunións de departamentos, memoria. | | |
| **Acción 10** | Ampliar de maneira sostible os fondos da biblioteca | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Altas no catálogo Koha | | |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca, Departamentos didácticos | | |
| **Recursos** | Orzamento dispoñible, fondos. | | |

| **Obxectivo 2: Mellorar a atención á diversidade no centro** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Continuar co Programa de Diversificación Curricular (PDC) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Organización dun grupo de 4º de PDC | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Orientación e equipo docente | | |
| **Recursos** | Reunións | | |
| **Acción 2** | Propiciar medidas de atención á diversidade, unha vez detectadas no alumnado. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☐** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Realización dunha avaliación inicial que permita detectar necesidades educativas. Organización das medidas necesarias: apoios, reforzos, ACI... | | |
| **Responsables** | Equipo directivo e Departamento de orientación | | |
| **Recursos** | Reunións | | |
| **Acción 3** | Desenvolver o Plan de Acollida a inicio de curso. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☐** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Desenvolvemento dun plan de acollida entre alumnado do IES e alumnado de nova incorporación | | |
| **Responsables** | Xefatura de estudos e Orientación | | |
| **Recursos** | Reunións de coordinación | | |
| **Acción 4** | Adaptar o Plan de Acción Titorial | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Adaptación e posta en marcha do Plan de Acción Titorial | | |
| **Responsables** | Departamento de Orientación e titorías | | |
| **Recursos** | Reunións de coordinación | | |
| **Acción 5** | Mellorar a visibilidade dos fondos da Biblioteca | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Mellora da visibilidade dos fondos, con adhesivos identificadores segundo a lingua, o xénero e a idade recomendada. | | |
| **Responsables** | Equipo da Biblioteca | | |
| **Recursos** | Adhesivos, fondos da Biblioteca | | |

| Obxectivo 3: Fomentar a convivencia, a non discriminación e a igualdade de xénero | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Solicitar e desenvolver o Contrato -Programa Inclúe-T. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Solicitude do programa | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, orientación e equipo docente implicado | | |
| **Recursos** | Páxina do PFPP, correos electrónicos. | | |
| **Acción 2** | Organizar actividades relacionadas no marco da acción titorial. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Organización e desenvolvemento de actividades no marco da acción titorial. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo e Departamento de orientación | | |
| **Recursos** | Titorías e axentes externos. | | |
| **Acción 3** | Organizar espazos inclusivos. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Organización dos espazos inclusivos. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Orientación e axentes externos | | |
| **Recursos** | Reunións de coordinación, aulas e outros espazos, material funxible e persoal. | | |
| **Acción 4** | Promover desde a Biblioteca actividades inclusivas. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Ampliación na Biblioteca do apartado de Igualdade; posta en marcha dun club de lectura con esta temática; deseño e posta en marcha de actividades que inclúan as achegas ao coñecemento humano realizadas por mulleres. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Orientación, Equipo da Biblioteca, Equipo de Dinamización, Claustro. | | |
| **Recursos** | Reunións de coordinación | | |
| **Acción 5** | Habilitar un lugar de reunión para o alumnado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Habilitación dunha aula para reunión e recreación do alumnado | | |
| **Responsables** | Dirección, Orientación e Biblioteca | | |
| **Recursos** | Aula e mobiliario | | |

| Obxectivo 4: Potenciar a orientación académica e profesional, para mellorar o éxito académico e a inserción laboral | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Desenvolver o plan de orientación vocacional e profesional | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Desenvolvemento de actividades dirixidas á toma de decisións vocacionais. | | |
| **Responsables** | Departamento de Orientación, titores e titoras. | | |
| **Recursos** | Axentes externos, aulas, visitas a centros educativos. | | |

| Obxectivo 5: Promover a formación permanente do profesorado e a súa participación en accións de innovación educativa | |
|---|---|
| **Acción 1** | Renovar o PFPP do IES, procurando unha formación a través de seminarios e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | grupos de traballo para a innovación educativa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Grupos de traballo creados: liña de Polos Creativos, liña de Plan Dixital e liña de Convivencia. Cursos realizados. Profesorado participante. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Claustro, TIC, EDLG, Biblioteca. | | |
| **Recursos** | Plan de Formación do Profesorado, CAFI, CFR, horas de formación | | |
| **Acción 2** | Favorecer e potenciar a participación de docentes en proxectos de innovación educativa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Proxectos de innovación iniciados, nº profesorado implicado. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Claustro. | | |
| **Recursos** | Convocatorias, reunións de traballo | | |
| **Acción 3** | Facilitar a formación continua dos compoñentes do Equipo da Biblioteca | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de accións e cursos, nº de participantes. | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, equipo de Biblioteca. | | |
| **Recursos** | CAFI | | |

| **Obxectivo 6: Incrementar as competencias do alumnado para un entorno global** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Potenciar a Sección Bilingüe do Centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Nº de materias, nº de alumnos e alumnas, obtención de auxiliar de conversa. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Claustro, Administración educativa. | | |
| **Recursos** | Reunións de traballo | | |
| **Acción 2** | Impulsar a participación en proxectos no marco de Erasmus+ ou outros. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de proxectos, nº de alumnado e profesorado. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Claustro, Administración educativa. | | |
| **Recursos** | Reunións de traballo | | |
| **Acción 3** | Impulsar as saídas a outros países, de lingua inglesa, francesa ou portuguesa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de saídas, nº de profesores a alumnado | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, departamentos didácticos de linguas, Extraescolares. | | |
| **Recursos** | Reunións de traballo, dotación informática, saídas a outros países. | | |
| **Acción 4** | Crear un grupo Cuale de inglés, nivel B1 | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de alumnado | | |
| **Responsables** | Equipo directivo e Departamento de Inglés. | | |
| **Recursos** | Aula, material de traballo (libros, fotocopias...) | | |
| **Acción 5** | Crear un Plan de Hábitos de Vida Saudable | | |
| | **Temporalización** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | Creación do Plan de Hábitos de Vida Saudable | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Departamento de Educación Física, Claustro | | |
| **Recursos** | Reunións de traballo, dotación informática | | |
| **Acción 6** | Potenciar accións encamiñadas a conseguir os obxectivos da axenda 2030 | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realización de diversas accións encamiñadas a crear un mundo sostible | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Biblioteca, departamentos didácticos. | | |
| **Recursos** | Reunións, recursos humanos e materiais. | | |
| | | | |

| **Obxectivo 7: Dinamizar a utilización do galego como lingua vehicular entre a comunidade educativa.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Analizar, a través dunha enquisa, o uso do galego como lingua vehicular na comunidade educativa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Nº de enquisas realizadas, participantes. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Claustro, EDLG, ANPA, Persoal non docente. | | |
| **Recursos** | Recursos informáticos | | |
| **Acción 2** | Impulsar o uso do galego como lingua principal vehicular nas relacións da comunidade educativa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de falantes, tipoloxía de comunicacións, análise de documentación. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Claustro, EDLG, Biblioteca, ANPA, Persoal non docente. | | |
| **Recursos** | Recursos humanos, materiais e informáticos. | | |
| **Acción 3** | Impulsar actividades dirixidas ao alumnado que potencien o uso do galego como lingua vehicular, tanto na oralidade como na escrita. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Número de actividades levadas a cabo | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, EDLG, Biblioteca, Claustro, alumnado | | |
| **Recursos** | Recursos humanos, materiais e informáticos. | | |

| **Obxectivo 8: Revisar, actualizar e, se for preciso, elaborar os diferentes documentos e plans do Centro.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Elaborar o Plan de Convivencia do Centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Elaboración dun Plan de Convivencia | | |
| **Responsables** | Equipo de Orientación, CFR, equipo directivo. | | |
| **Recursos** | Recursos de coordinación e seminario de formación | | |
| **Acción 2** | Actualizar o Plan Dixital de Centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Actualización e posta en marcha do Plan Dixital, nº de actividades desenvolvidas do Plan. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Responsables** | Coordinador do Plan Dixital, equipo do Plan Dixital. | | |
| **Recursos** | Recursos humanos e materiais | | |
| **Acción 3** | Actualizar o Plan Anual de Lectura | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Elaboración dun plan realista e útil | | |
| **Responsables** | Departamentos didácticos e Biblioteca. | | |
| **Recursos** | Enquisas e reunións de coordinación. | | |
| **Acción 4** | Actualizar e revisar outros plans do IES: Plan de Acción Titorial, o Plan de Igualdade... | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **1º T** ☒ |
| **Indicador** | Actualización e revisión dos distintos plans. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, equipo de Orientación, Biblioteca, Claustro. | | |
| **Recursos** | Reunións de coordinación, recursos humanos e materiais. | | |
| **Acción 5** | Realizar o Plan de Hábitos de Vida Saudables | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Creación do Plan de Hábitos de Vida Saudable | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Departamento de Educación Física, Claustro | | |
| **Recursos** | Reunións de traballo, dotación informática | | |
| **Acción 6** | Solicitar o Proxecto de Polos Creativos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Solicitude dos Polos Creativos | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, coordinador dos Polos, Claustro | | |
| **Recursos** | Reunións, formación en Polos Creativos | | |
| **Acción 7** | Actualizar as NOFC | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Actualización das NOFC do IES, nun documento realista e práctico. | | |
| **Responsables** | Xefatura de Estudos, Orientación, Claustro. | | |
| **Recursos** | Recursos humanos e materiais. | | |
| **Acción 8** | Realización dun Plan de Autoprotección ou de Emerxencias | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Solicitude dun Plan de Autoprotección ou de Emerxencias | | |
| **Responsables** | Equipo directivo | | |
| **Recursos** | Recursos humanos e materiais | | |

| **Obxectivo 9: Integrar e potenciar a utilización das TIC no ámbito docente, administrativo e de interacción coa comunidade educativa.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Participar nos programas de formación en uso das ferramentas TIC ofrecidos pola Consellaría a través dos CFR | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Mellora das competencias TIC para poder crear materiais educativos para as aulas virtuais. | | |
| **Responsables** | CFR, profesorado. | | |
| **Recursos** | Os proporcionados pola Consellaría a través do CFR. | | |
| **Acción 2** | Continuar co itinerario de formación en materia de Edixgal | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realización da formación E-Dixgal. | | |
| **Responsables** | Coordinador e equipo de formación en E-Dixgal. | | |
| **Recursos** | Seminario de formación | | |
| **Acción 3** | Continuar co itinerario de formación do Plan Dixital de Centro. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Desenvolvemento do Plan Dixital de Centro | | |
| **Responsables** | Coordinador e equipo do Plan Dixital. | | |
| **Recursos** | Espazos, recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento do plan. | | |
| **Acción 4** | Comezar un itinerario de formación en Polos Creativos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Desenvolvemento dunha liña de traballo relacionada cos Polos creativos | | |
| **Responsables** | Coordinador e equipo dos Polos Creativos | | |
| **Recursos** | Espazos, recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento | | |
| **Acción 5** | Mellorar e actualizar a información da páxina web | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Mellora da páxina web | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, Coordinador web | | |
| **Recursos** | Recursos humanos necesarios para o desenvolvemento | | |

| **Obxectivo 10: Organizar e xestionar os recursos humanos, materiais e económicos.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Habilitar un espazo para os Polos Creativos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Habilitación dun espazo para o material dos Polos Creativos | | |
| **Responsables** | Consellaría | | |
| **Recursos** | Partida económica, Espazo | | |
| **Acción 2** | Renovar as pantallas das aulas do centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Renovación das pantallas | | |
| **Responsables** | Consellaría; Secretaría | | |
| **Recursos** | Partida económica | | |
| **Acción 3** | Habilitar un novo espazo para o alumnado nos períodos de lecer | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Habilitación dese novo espazo | | |
| **Responsables** | Secretaría, Orientación, Biblioteca | | |
| **Recursos** | Partida económica | | |
| **Acción 4** | Mellorar os recursos dos departamentos didácticos e da biblioteca. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Renovación de recursos para departamentos e biblioteca. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, departamentos didácticos e biblioteca. | | |
| **Recursos** | Dotación económica necesaria. | | |
| **Acción 5** | Crear compartimentos nos armarios das aulas para uso do alumnado | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Temporalización | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☐ | 3º T ☐ |
| **Indicador** | Creación dos compartimentos | | |
| **Responsables** | Secretaría | | |
| **Recursos** | Dotación económica necesaria | | |
| **Acción 6** | Mellorar e manter o edificio e os seus espazos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | Mellora e mantemento do edificio e dos espazos | | |
| **Responsables** | Secretaría | | |
| **Recursos** | Dotación económica necesaria | | |

| **Obxectivo 11: Favorecer a comunicación e participación das familias no IES** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Recibir as familias no IES a principio de curso | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☐** | **3º T ☐** |
| **Indicador** | Reunións do equipo directivo e dos titores/as coas familias. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Orientación e titores e titoras | | |
| **Recursos** | Presentacións en diapositivas | | |
| **Acción 2** | Informar as familias dos horarios de titorías de cada grupo-aula | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T☐** | **3º T☐** |
| **Indicador** | Elaboración do horario de titorías e publicación na páxina web | | |
| **Responsables** | Xefatura de estudos | | |
| **Recursos** | Páxina web, Abalar centros | | |
| **Acción 3** | Ofrecer ás familias charlas informativas sobre diversa problemática que afecta ao alumnado: *acoso escolar, grooming*… | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Desenvolvemento de charlas informativas para as familias | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Orientación e Concello (a través da área de Educación e a de Servizos sociais) | | |
| **Recursos** | Reunións de coordinación | | |

| **Obxectivo 12: Xestionar e promover a organización das actividades extraescolares** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Impulsar as actividades complementarias e extraescolares | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | Realización de saídas complementarias e extraescolares | | |
| **Responsables** | Departamentos didácticos, equipo de Dinamización, de Biblioteca, Extraescolares e Orientación. | | |
| **Recursos** | Autobuses e outros, segundo a saída. | | |
| **Acción 2** | Desenvolver actividades en datas conmemorativas | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |

| | |
|---|---|
| **Indicador** | Realización de actividades en datas conmemorativas, desenvolvidas polos distintos departamentos didácticos ou equipos. |
| **Responsables** | Departamentos didácticos, equipo de Dinamización, de Biblioteca, Extraescolares e Orientación. |
| **Recursos** | Recursos humanos e materiais, equipos informáticos. |

## 2.3. AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS.

Tal como indica o *artigo nº 141 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de Educación, modificada *pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro* (LOMLOE), a avaliación estenderase a todas as áreas educativas reguladas nesta lei e aplicarase nos procesos de ensino e aprendizaxe e os seus resultados, no contexto educativo, con especial referencia á escolarización e admisión do alumnado, aos recursos educativos, á actividade do profesorado, á función directiva, ao funcionamento dos centros educativos, á inspección e ás propias administracións educativas.

O seguimento dos obxectivos propostos nesta Programación Xeral Anual realizarase a través de dúas enquisas, unha dirixida ao alumnado e outra ás familias. En ambos os casos deben puntuar de 1 a 5 o grao de satisfacción a respecto dos ítems analizados, sendo 1`totalmente en desacordo´ e 5 `totalmente de acordo´.

Ese proceso de avaliación terá lugar ao remate do curso escolar, tendo en conta o nivel de progresión ou desenvolvemento para cada actuación no plano cronolóxico. A valoración positiva do 80% das actuacións en cada obxectivo sinalará este como logrado.

A partir da avaliación deberanse obter unhas *Propostas de Mellora* que serán o punto de partida para a definición das liñas de actuación para o curso seguinte, tendo presente que o proxecto de centro é un documento aberto, que debe ser sometido a continua avaliación e revisión.

## TÁBOA I

## ENQUISA AO ALUMNADO

| ASPECTOS PARA VALORAR | GRAO DE SATISFACCIÓN |
|---|---|
| Os criterios de avaliación das diferentes áreas son dados a coñecer polo profesorado ao inicio do curso. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| As actividades e exames de recuperación de materias pendentes son dadas a coñecer ao alumnado e ás súas familias coa suficiente antelación. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro conta coa suficiente oferta de materias optativas que garante o axuste co proxecto vocacional do alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro conta con medidas de atención á diversidade para garantir un ensino individualizado: reforzo, adaptacións do currículo, desdobres, agrupamentos específicos etc. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro conta con medidas de potenciación dos idiomas estranxeiros como son: variedade na oferta de segundo idioma estranxeiro (francés, portugués), grupo Cuale de inglés, saídas ao estranxeiro... | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Traballanse na titoría programas de interese para o alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Foméntanse dende o centro valores como a democracia, a tolerancia, a igualdade de xénero, etc... | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Traballase axeitadamente a orientación académica e profesional para axudar na toma de decisións do alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Organízanse actividades complementarias e extraescolares de interese para o alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Hai unha comunicación fluída entre o centro, o alumnado e as familias sobre información que afecte ao bo funcionamento na vida do centro (coñecemento de novas normas e disposicións etc.). | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Existe un bo funcionamento do transporte escolar, tanto en horarios como na distribución das paradas. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro está aberto a organismos e institucións do eido local para o traballo de programas ou relatorios de interese para o alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |

## TÁBOA II

## ENQUISA ÁS FAMILIAS

| ASPECTOS PARA VALORAR | GRAO DE SATISFACCIÓN |
|---|---|
| Os criterios de avaliación das diferentes áreas son dados a coñecer polo profesorado ao inicio do curso. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| As actividades e exames de recuperación de materias pendentes son dadas a coñecer ao alumnado e ás súas familias coa suficiente antelación. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro conta coa suficiente oferta de materias optativas que garante o axuste co proxecto vocacional do alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro conta con medidas de atención á diversidade para garantir un ensino individualizado: reforzo, adaptacións do currículo, desdobres, agrupamentos específicos, etc. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro conta con medidas de potenciación dos idiomas estranxeiros, como son: variedade na oferta de segundo idioma estranxeiro(francés, portugués), grupo Cuale de inglés, saídas ao estranxeiro... | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| As familias son coñecedoras ou teñen fácil acceso aos diferentes documentos do Centro (Proxecto educativo, Programación Xeral Anual...). | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Traballanse nas titorías programas de interese para o alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Foméntanse dende o centro valores como a democracia, a tolerancia, a igualdade de xénero etc... | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Trabállase axeitadamente a orientación académica e profesional para axudar na toma de decisións do alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Organízanse actividades complementarias e extraescolares de interese para o alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Hai unha comunicación fluída entre o centro, o alumnado e as familias sobre información que afecta ao bo funcionamento na vida do centro (coñecemento de novas normas e disposicións etc.) | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| Existe un bo funcionamento do transporte escolar, tanto en horarios como na distribución das paradas. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |
| O centro está aberto a organismos e institucións do eido local para o traballo de programas ou relatorios de interese para o alumnado. | ▢1 ▢2 ▢3 ▢4 ▢5 |

# 3. HORARIO XERAL DO CENTRO

## 3.1. HORARIO LECTIVO

As 32 sesións lectivas semanais impártense todas as mañás de luns a venres e a tarde dos martes segundo o seguinte horario:

- Mañás de luns a venres dende as 08:45 ata as 14:25.

- Tardes do martes dende as 16:30 ata as 18:10.

Son 30 períodos lectivos de 50 minutos en xornada matinal, con dous recreos diarios de 20 minutos de duración cada un. As dúas sesións lectivas restantes, tamén de 50 minutos, desenvólvense na tarde do martes.

## 3.2. HORAS E CONDICIÓNS DA DISPOÑIBILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNS PARA O ALUMNADO

O centro abre polas mañás ás 8:00 h, logo da chegada do primeiro bedel, ás 7:45 h. A partir das 8:20 chega o profesorado de custodia, que se encarga de facer entrar ao alumnado procedente do transporte escolar. O alumnado entrará nas aulas cinco minutos antes do inicio das clases, para o cal soará o timbre, que volverá a soar cinco minutos despois, coincidindo coa hora de comezo da xornada escolar. Nos tempos de lecer ningún alumno ou alumna poderán permanecer na aula, agás se están acompañados/as por un profesor ou profesora.

As aulas específicas (música, plástica, tecnoloxía, informática, laboratorio e ximnasio) serán utilizadas preferentemente polo profesorado das áreas respectivas. Cando estes espazos estean libres, poderán ser utilizados polo demais profesorado sempre e cando se reserven previamente e se comunique o seu uso ao profesorado anteriormente citado.

O uso da biblioteca escolar, xunto co das aulas multimedia, estará suxeito tamén a este sistema de reserva previa. A biblioteca estará aberta ao alumnado durante as sesións de recreo e noutras horas lectivas que conte con docente de garda na biblioteca.

## 3.3. HORAS E CONDICIÓNS EN QUE O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO PARAA COMUNIDADE ESCOLAR FÓRA DO HORARIO LECTIVO

No centro existe un servizo de garda de custodia do alumnado usuario do transporte escolar, dende 20 minutos antes do comezo das clases e ata 20 minutos despois do seu remate. O alumnado usuario do transporte escolar ten a obriga de entrar no recinto do instituto dende

o momento en que baixa do autobús. Así mesmo, o alumnado non usuario do transporte escolar poderá ingresar no instituto dentro deste horario.

Por outra banda, contemplamos a posibilidade de abrir o centro para a comunidade escolar fóra do horario lectivo para aquelas actividades organizadas polos departamentos ou equipos dinamizadores, tales como actividades do club de lectura, actividades co auxiliar de conversa, ensaios do club de teatro etc. Aquelas que involucren o alumnado, precisarán da autorización previa dos pais e nais dos alumnos e alumnas. O profesorado implicado na organización comunicará ás familias por Abalar ou por outros medios o día e hora de realización da actividade.

Tamén estará dispoñible o centro fóra do horario lectivo para a realización de reunións, seminarios, grupos de traballo etc. para o profesorado e para os pais e nais (habitualmente a través da ANPA do centro), neste último caso previa comunicación á dirección do centro.

En determinadas épocas do ano, para facilitar as xestións que pais e nais deben asumir (matrícula, solicitude de bolsas e axudas, entrega de libros do fondo solidario...) o centro abrirá en horario de mañá e tarde durante os días en que se considere preciso.

## 3.4. HORARIO DE VERÁN

O horario de atención durante o verán é de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, durante o mes de xullo. No mes de agosto haberá horario de atención ao público de 10:00 a 12:00 e, como mínimo, ao longo deste mes estará de garda un membro do equipo directivo, podendo establecerse quendas entre os distintos membros.

Este horario poderase ampliar ás tardes por necesidades derivadas dos procesos de escolarización e matrícula.

## 3.5. DÍAS NON LECTIVOS LOCAIS

O centro, despois de telo aprobado no 1º claustro do curso, solicitou que sexan declarados non lectivos o venres, 13 de outubro, e o luns, 20 de maio, datas que foron ratificadas polo Consello escolar. A Xefatura Territorial da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade aceptou esa solicitude e concedeu os días solicitados polos tres institutos da Estrada.
Por outra banda, o Concello da Estrada escolleu como festivos locais os días 26 e 27 de xuño de 2024, coincidindo coa celebración das festas patronais.

# CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2023-24

| | |
|---|---|
| (vermello) | Inicio e fin de curso |
| (laranxa) | Avaliación inicial |
| (amarelo) | Vacacións e festivos |
| (verde) | Avaliacións trimestrais |
| (azul) | Reunión inicial familias |
| (violeta) | Avaliación final |

| Trimestres | |
|---|---|
| 1º | 69 días lectivos |
| 2º | 50 días lectivos |
| 3º | 56 días lectivos |
| 175 días lectivos | |

**SETEMBRO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | |

lectivos 15

**OUTUBRO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

lectivos 20

**NOVEMBRO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

lectivos 21

**DECEMBRO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 1 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

lectivos 12

**XANEIRO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

lectivos 18

**FEBREIRO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | | | |

lectivos 16

**MARZO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

lectivos 16

**ABRIL**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

lectivos 21

**MAIO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

lectivos 20

**XUÑO**

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

lectivos 15

## AVALIACIÓNS

| | |
|---|---|
| Inicial | 28 de setembro |
| 1ª | 19 e 20 de decembro |
| 2ª | 20 e 21 de marzo |
| 3ª e FINAL | 24 de xuño |

## Conmemoracións a celebrar

| | |
|---|---|
| 20 nov. | Día Universal da Infancia. |
| 25 nov. | Día Intern. contra a violencia de xénero. |
| 28 nov. | Semana da Constitución e do Estatuto |
| A 5 dec. | de autonomía de Galicia. |
| 3 dec. | Día Intern. Persoas con Discapacidade. |
| 10 dec. | Día Declaración Univ.Dereitos Humanos |
| 24 xan. | Día Internacional da Educación. |
| 30 xan. | Día escolar da non Violencia e da Paz. |
| 23 feb. | Día de Rosalía de Castro. |
| 08 mar. | Día Internacional da Muller. |
| 04-08 mar. | Semana da prensa. |
| 15 mar. | Día Mundial dos Der. do Consumidor. |
| 01 abr. | Día das Artes Galegas. |
| 07 abr. | Día Mundial da Saúde. |
| 22-26 abr. | Semana do Libro. |
| 02 maio | Día Internac. contra o Acoso Escolar |
| 09 maio | Día de Europa. |
| 13-17 maio | Semana das Letras Galegas. |
| 05 xuñ. | Día Mundial do Medio ambiente. |

## 3.6. CALENDARIO DE CURSO E SESIÓNS DE AVALIACIÓN

### Calendario do curso 2023-2024

| Mes | Día | |
|---|---|---|
| Setembro | 11 | Inicio das actividades lectivas en educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional. |
| Outubro | 12 | Día non lectivo. Día da Festa Nacional de España. |
| | 13 | Festivo do Centro. Día solicitado á Consellaría |
| Novembro | 1 | Día non lectivo. Día de Todos os Santos. |
| Decembro | 6 | Día non lectivo. Día da Constitución Española. |
| | 7 | Día non lectivo. Día do ensino. |
| | 8 | Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción. |
| | 22, 25, 26, 27, 28, 29 | Vacacións de Nadal. |
| Xaneiro | 1, 2, 3, 4, 5 | Vacacións de Nadal. |
| Febreiro | 12, 13, 14 | Vacacións de Entroido. |
| Marzo | 25, 26, 27, 28, 29 | Vacacións de Semana Santa. |
| Abril | 1 | Vacacións de Semana Santa. |
| Maio | 1 | Día non lectivo. Día do traballo. |
| | 17 | Día non lectivo. Día das Letras Galegas. |
| | 20 | Festivo do Centro. Día solicitado á Consellaría |
| Xuño | 21 | Remate das actividades lectivas en educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional. |
| | 24 | Avaliación final do alumnado de ESO. |

# Sesións de avaliación

**AVALIACIÓN INICIAL**

28 de setembro

**AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS**

1ª Avaliación: 19 e 20 de decembro
2ª Avaliación: 20 e 21 de marzo

**AVALIACIÓN FINAL**

3ª e final: 24 de xuño

# 4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

## 4.1. TRANSPORTE ESCOLAR

Dado que o noso centro recolle unha maioría de alumnado do rural, unha alta porcentaxe utiliza o servizo de transporte escolar. Dos 140 matriculados neste curso, 138 son usuarios e usuarias regulares do transporte escolar, o que supón unha porcentaxe próxima ao 98% (97,84%)

Debido á grande extensión do concello e á dispersión da poboación no seu rural, precisamos de 12 rutas para achegar ao noso alumnado ao centro. Algunhas delas son compartidas con alumnado do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez e do IES Manuel García Barros.

A seguir amósanse as rutas asignadas ao noso centro. Todas son de entrada e saída de luns a venres. Ademais, repítense os martes pola tarde.

O horario do transporte está adaptado para que o alumnado chegue ao centro polo menos cinco minutos antes do comezo das actividades lectivas e nunca con máis de vinte minutos de antelación. A saída dos autobuses prodúcese entre cinco e dez minutos despois do remate das clases.

Por outra banda, a totalidade delas son servizos de transporte integrado e contan con acompañante.

| Empresa | Ruta | Nº de alumnos transportados | Itinerario/Paradas |
|---|---|---|---|
| Autocares Rías Baixas S.L. | 1. Ruta XG65801 (nº contrato XG658). | 18 | AVDA. PONTEVEDRA-SABUCEDO |
| | 2. Ruta XG65806 (nº contrato XG658) | 10 | LIÑARES-VEIGA DA BRAÑA |
| | 3. Ruta XG65808 (nº contrato XG658). | 9 | BARREIROS-VALIÑAS |
| | 4. Ruta XG65810 (nº contrato XG658). | 7 | PENA DO FOXO-VILADEFONSO |
| | 5. Ruta XG65815 (nº contrato XG658). | 20 | O FOXO-CORVELLE-PENALOBEIRA |
| | 6. Ruta XG65817 (nº contrato XG658). | 10 | ARNADO-ENVIANDE |
| Ute Celta 2019-2029 | 1. Ruta XG620001 (nº contrato XG620). | 6 | PAREDES-CENTRO SAÚDE |
| | 2. Ruta XG659001 (nº contrato XG659 | 17 | A PICA-SOBREIRA |
| | 3. Ruta XG659002 (nº contrato XG659). | 16 | TOEDO-BARCO |
| | 4. Ruta XG659005 (nº contrato XG659). | 7 | REQUIÁN-CENTRO SAÚDE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 5. Ruta XG659007 (nº contrato XG659). | **20** | AZUREIROS-SOUTO VEA *(COLEXIO)* |
| | 6. Ruta XG659009 (nº contrato XG659). | **4** | AVDA. LEICURES-BEITOS |

Algunhas aclaracións:

- Hai 17 alumnos/as que usan 2 rutas (unha para vir e outra para volver).
- Hai 7 alumnos/as do IES que viaxan nas rutas do Antón Losada.
- Hai 2 alumnos/as que non utilizan o transporte escolar

## 4.2. CAFETERÍA

### HORARIO:

O servizo de cafetería terá un horario de apertura polas mañás desde media hora antes do comezo das clases. Na xornada do martes permanece aberta en horario de mediodía, para atender o profesorado e alumnado do IES que o requira.

O horario de peche coincide co fin da xornada lectiva.

- Mañás de luns a venres dende as 08:15 ata as 14:25.
- Tarde do martes dende as 14:25 ata as 18:10.

Neste curso foron eliminadas as quendas de uso prioritario na cafetaría, aínda que o equipo directivo e o profesorado de garda de patio velará por que non se produzan aglomeracións innecesarias.

### PERSOA RESPONSABLE:

- Rosa Alonso Beiroa

# 5. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

- **Horarios e funcións:**

| Nome | Función | Horario |
|---|---|---|
| Xabier Serantes García | Administrativo | 07:45 a 15:15 (luns a venres) |
| José Castro Martínez | Conserxe | 07:45 a 15:15 (luns, mércores, xoves e venres)<br>7:45 a 12:15 horas e de 16:00 a 19:00 horas (martes) |
| Mª Dolores Sanmartín Ferrín | Conserxe | 07:45 a 15:15 (luns, mércores, xoves e venres)<br>10:30 a 15:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas (martes) |
| Patricia Fernández Fernández | Limpadora | 13:00 a 20:30 (luns a venres) |
| María José Antelo Troitiño | Limpadora | 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:00 horas (luns a venres) |

Corresponde á Secretaria do centro, por delegación da Directora, coordinar, dirixir e supervisar a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servizos adscrito ao instituto (art. 32 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria).

A súa relación laboral estará rexida polo establecido no convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia (Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais) e a lei do emprego público de Galicia (Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) e as súas modificacións.

# 6. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

## 6.1. Constitución do equipo.

O equipo de actividades extraescolares constituíuse no mes de setembro, e está coordinado por Ana Isabel Mesego Pazos, a xefa do departamento.

## 6.2. Obxectivos

O obxectivo fundamental do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares é organizar unha serie de actividades que, xunto ás que programan os Departamentos Didácticos, completen a formación dos alumnos/as fóra da aula e fomenten entre eles a participación na vida activa do instituto, propiciando e estimulando as súas iniciativas.

Os obxectivos máis importantes que se pretenden alcanzar a través do desenvolvemento desta programación son:

- Manter e mellorar no posible as actividades xa consolidadas: viaxe de estudos, letras galegas, semana branca, xornada de convivencia etc., e organizar novas actividades que resulten de interese.

- Coordinar e colaborar nas actividades programadas polos diferentes departamentos que así o requiran. Facilitaráselles a información que poida ser de interese (concertos, exposicións, visitas etc.) que se vaia recibindo no instituto ao longo do curso escolar. Tamén se colaborará na realización das xestións precisas para o desenrolo da actividade (petición de orzamentos, coordinación coa Secretaría do centro a supervisión e aprobación do financiamento das distintas actividades, contratación do transporte, entrega de autorizacións ...) .

- Impulsar a participación en certames e concursos escolares, tanto nos organizados polo centro como nos convocados por outras entidades ou organizacións.

- Difundir entre o alumnado as ofertas de organizacións e entidades, dentro e fóra do centro e fóra do calendario escolar: campamentos, cursos, exposicións etc.

## 6.3. NORMAS XERAIS

O desenvolvemento do programa de actividades complementarias e extraescolares deberá rexerse polas seguintes normas:

- Deberanse respectar as medidas de hixiene e prevención ditadas polas autoridades competentes.
- Poderán programarse saídas que se realicen no día, ou que inclúan pernoctacións.
- Non poderán establecer ningún criterio discriminatorio e deberán potenciar a socialización, convivencia, integración e participación de todos os membros da Comunidade educativa.
- Poderán realizarse actividades de carácter educativo, cultural, deportivo ou lúdico; e deberán fomentar a interdisciplinariedade. En calquera caso, o contido das actividades e os seus obxectivos serán formulados polos departamentos didácticos correspondentes.
- As actividades complementarias (as que se realizan dentro do centro en horario lectivo) serán de obrigada asistencia, e o alumnado estará acompañado polo profesorado que lle imparte clase na hora en que se realiza a actividade. A non asistencia implicará unha falta de asistencia, e deberá ser xustificada como calquera hora lectiva.
- Cando a actividade non ocupe todo o horario escolar, o alumnado estará obrigado a asistir tanto ás clases previas como ás posteriores.
- Na medida do posible, procurarase a coordinación daquelas saídas do centro que coincidan no espazo e no tempo, co fin de optimizar os recursos e minimizar a alteración do horario lectivo.
- Poderán participar nas actividades complementarias e extraescolares tódolos alumnos e alumnas que están matriculados no nivel ao que se dirixe a actividade.
- Poderán ser excluídos da participación nas actividades os alumnos/as que teñan incorrido no incumprimento das Normas do Centro.
- Os profesores responsables e acompañantes da actividade deberán, preferentemente, impartir clase ao alumnado a quen vai dirixida.
- Cando a actividade se realice fóra do centro, a ratio será de un profesor/a por cada 15-20 alumnos/as, e sempre, independentemente do alumnado participante, un mínimo de dous profesores/as acompañando o grupo. Nas saídas ao estranxeiro, valorarase a pertinencia de que vaia un profesor/a máis, a maiores do estipulado nesta ratio.
- O profesorado participante deberá deixar tarefa para aqueles grupos que se vexan afectados pola súa ausencia.
- Naquelas actividades que supoñan saír fóra do centro, os pais e/ou nais deberán asinar unha autorización consentindo a participación do seu fillo/a.

- Tras a realización das actividades, o profesorado que as programou e realizou elaborará un breve informe que reflicta o seu grao de eficacia, que se engadirá á memoria dos respectivos departamentos.
- Cando as actividades complementarias ou extraescolares que se consideren importantes para a formación do noso alumnado supoñan algún gasto e se teña constancia das dificultades económicas dalgún alumno/a, o Departamento organizador proporá ao secretario ou secretaria do centro, de modo extraordinario, o estudo do seu posible financiamento.
- Como norma xeral, non se programarán actividades para realizar a partir do 1 de maio, salvo aquelas que non fose posible realizalas con anterioridade; tamén se evitará a época de exames.

## 6.4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROGRAMA

O programa de actividades complementarias e extraescolares depende das previsións de cada departamento, que moitas veces se establecen en función das ofertas educativas que vaian aparecendo en cada momento. Por iso, a día de hoxe, resulta imposible precisar todas e cada unha das actividades que se desenvolverán e en moitos casos son previsións provisionais.

| Actividade | Data prevista | Curso | Departamento |
|---|---|---|---|
| INAUGURACIÓN CURSO ESCOLAR | 11/09 | TODOS | DIRECCIÓN |
| INAUGURACIÓN BIBLIOTECA | 28/09 | 1º | BIBLIOTECA |
| DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES | OUTUBRO | TODOS | BIBLIOTECA E EDLG |
| COLABORACIÓNS CON RADIO ESTRADA | TODO O CURSO | TODOS | BIBLIOTECA E EDLG |
| CLUB DE LECTURA | TODO O CURSO | TODOS | BIBLIOTECA-EDLG |
| CELEBRACIÓN DO SAMAÍN E MAGOSTO | OUTUBRO/NOVEMBRO | TODOS | DACE, .BIBLIO, EDLG, PLÁSTICA |
| MES DA CIENCIA EN GALEGO | ¨NOVEMBRO | 3º e 4º | EDLG, FeQ, BIBLIOTECA E BIOLOX |
| CAMPO A TRAVÉS | NOVEMBRO | 1º, 2º, 3º | EDU. FISICA |
| OBRADOIRO DE TEATRO | OUTUBRO | TODOS | LINGUA CASTELÁ |
| DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (SCAPE ROOM) | NOVEMBRO-DECEMBRO | TODOS | EDLG, BIBLIOTECA |
| PREVENCIÓN DE CONSUMOS | OUTUBRO-NOVEMBRO | 2º ESO | ORIENTACIÓN |
| HABILIDADES SOCIAIS | OUTUBRO-NOVEMBRO | 1º ESO | ORIENTACIÓN |
| INICIACIÓN SEGURA Á PEGADA DIXITAL | NOVEMBRO | 4º ESO | ORIENTACIÓN |
| EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL | NOVEMBRO | 3º ESO | ORIENTACIÓN |
| XADREZ NOS RECREOS | TODO O CURSO | TODOS | BIBLIOTECA |
| VISITA AO REINA SOFÍA-MADRID | 21/11/23 | 4º ESO | PLÁSTICA E Xª-Hª |
| CHARLA SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL | NOVEMBRO | 4º ESO | ORIENTACIÓN |
| OBRADOIRO DE LITERATURA | 04/12/23 | 1º ESO | LINGUA GALEGA |
| XORNADA SENSIBILIZACIÓN DISCAPACIDADE | DECEMBRO | 2º ESO | ORIENTACIÓN |

| Actividade | Data prevista | Curso | Departamento |
|---|---|---|---|
| A ENERXÍA EN XOGO | XANEIRO | 3º e 4º | FªQª e BIOLOXÍA |
| PLAN DIRECTOR | XANEIRO | 1º ESO | ORIENTACIÓN |
| VISITA A CIDADE DE LUGO E MUSEO PROVINCIAL | 2º TRIMESTRE | 2º ESO | GALEGO |
| DÍA DE CASTELAO | XANEIRO | TODOS | EDLG- BIBLIOTECA- GALEGO |
| ROTEIRO ROSALIANO E VISITA Á CASA-MUSEO | 2º TRIMESTRE | 3º e 4º | GALEGO, EDLG, BIBLIOTECA |
| DÍA DE ROSALÍA | 23 FEBREIRO | TODOS | BIBLIOTECA—EDLG-GALEGO |
| VISITA Á CATEDRAL E CASCO HISTÓRICO | 2º TRIMESTRE | 2º | XEOGRAFÍA E HISTORIA |
| ESCOLA DE CONSUMO, PORTO DE VIGO E CITRÖEN | 2º TRIMESTRE | 3º | XEOGRAFÍA E HISTORIA |
| FESTA DO ENTROIDO | FINAIS FEBREIRO | TODOS | DACE. EDLG. BIBLIOTECA |
| CURSO ESQUÍ ALPINO | 2º TRIMESTRE | 2º, 3º e 4º | EDUCACIÓN FÍSICA |
| DÍA DA MULLER | MARZO | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| DÍA MUNDIAL DA POESÍA.CONCURSO DE MICROPOEMAS | MARZO | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| CONCURSO DE MICRORRELATOS | XANEIRO-MARZO | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| DÍA MUNDIAL DO TEATRO | MARZO | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| PREVENCIÓN DROGODEPENCIA | 2º TRIMESTRE | 3º | ORIENTACIÓN |
| DÍA DO LIBRO | 23 ABRIL | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| ORIENTACIÓN VOCACIONAL E PROFESIONAL | 3º TRIMESTRE | 4º | ORIENTACIÓN |
| SAÍDA A PORTUGAL | XUÑO | PORTUGUÉS | GALEGO |
| MUSEO DO POBO GALEGO E MUSEO DE Hª NATURAL | ABRIL | 1º ESO | GALEGO - BIOLOXÍA |
| CIDADE DA CULTURA, CGAC. PARLAMENTO | 3º TRIMESTRE | 4º | XEOGRAFÍA E HISTORIA |
| DÍA DA LUSOFONÍA | ABRIL | TODOS | BIBLIOTECA. EDL, GALEGO |
| DÍA DAS LETRAS GALEGAS | 17 MAIO | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG, GALEGO |
| CORRELINGUA | MAIO | 1º e 2º | BIBLIOTECA. EDLG |
| FESTA DAS PALABRAS | XUÑO | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| CHARLAS FORMACIÓN CÍVICO - TRIBUTARIA | 3º TRIMESTRE | 4º | XEOGRAFÍA E HISTORIA |
| PECHE CLUBS DE LECTURA | 3º TRIMESTRE | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |
| SENDEIRISMO. PLAN PROXECTA. PROXECTO TERRA | SEN DATA | 2º ESO | Xª E HISTORIA |
| VISTITA AO CAMPAMENTO ROMANO “AQUIS QUERQUENNIS” | SEN DATA | 1º ESO | Xª E HISTORIA |
| XORNADAS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO | SEN DATA | 4º ESO | EDU. FÍSICA |
| COMPETICIÓNS DEPORTIVAS INTERNAS | SEN DATA | TODOS | EDU. FÍSICA |
| DÍA DA EDUCACIÓN FÍSICA NA RÚA | 26/04/24 | 1º e 2º ESO | EDU. FÍSICA |
| VIDEO CONECTADOS COS CENTROS DE PRIMARIA | SEN DATA | TODOS | EDLG |
| CERTAMES. CONTACONTOS. POESÍA. FOTOGRAFÍA | SEN DATA | TODOS | BIBLIOTECA E EDLG |
| VISITA A OURENSE-RUTA A ESMORGA | SEN DATA | 4º ESO | GALEGO E HISTORIA |
| EXPOCIONS DE PROXECTOS | SEN DATA | TODOS | TECNOLOXÍA |
| VISITAS A EXPOSICIÓNS, INDUSTRIAS, CONFERENCIAS | SEN DATA | 4º ESO | FÍSICA E QUÍMICA |
| CHARLAS “ A PONTE ENTRE ENSINO MEDIO E USC” | SEN DATA | 4º ESO | MATEMÁTICAS |
| CONFERENCIA DUN MATEMÁTICO: SÁENZ DE CABEZÓN | SEN DATA | 3º ESO | MATEMÁTICAS |
| CHARLAS CON ESCRITORES/AS | SEN DATA | TODOS | L.CASTELÁ e L.GALEGA |
| ASISTENCIA OBRAS DE TEATRO NA ESTRADA | SEN DATA | TODOS | LC e LG |
| REVISTA VIVA NÓS DE NÓS | 3º TRIMESTRE | TODOS | BIBLIOTECA. EDLG |

# 7. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Este curso a Dirección poñerase en contacto cunha empresa para elaborar un Plan de Auto Protección ou, en todo caso, un Plan de Emerxencias, que é o que esixe a legalidade vixente. O plan de auto protección será revisado ao longo de cursos posteriores e realizarase un simulacro de evacuación cando a empresa considere oportuno.

Neste curso, prevese telo concluído no 2º trimestre e, en cursos posteriores, o IES poñerá os medios necesarios para desenvolvelo no 1º trimestre de cada curso, tal e como aconsella a normativa a este respecto.

Neste documento detallaranse os mecanismos e medios dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte á seguridade dos alumnos e alumnas, profesorado e demais persoas, así como das instalacións escolares. Incluirá os seguintes aspectos: a localización e equipamento das caixas de urxencias, o plan de evacuación, os procedementos de control de persoas que acceden ao centro e a protección do alumnado, a localización de saídas de emerxencias e os sistemas de seguridade dos que dispón o centro.

Para a súa optimización buscaremos a colaboración de axentes externos como a Axencia Galega de Emerxencias -Axega (que ten a súa a sede nun edificio situado a carón do noso), Protección Civil ou a Policía Local.

## 8. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

A constitución do equipo, o horario de funcionamento da Biblioteca o a concreción anual do plan de actividades axúntase en **Anexo II**.

## 9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

O profesorado do centro participa nun **Plan de Formación Permanente do Profesorado** (co código **P2131040**) cunha duración de catro anos, do que este será o terceiro.

Para levar a cabo este Plan, deseñáronse dúas liñas de traballo, unha dirixida a mellorar a competencia dixital e outra para acadar unha mellor competencia en educación inclusiva e coeducación.

Temos:

1. **Seminario** (30 horas) **E-Dixgal III:** trátase dunha formación dirixida ao manexo das ferramentas que proporciona o entorno E-Dixgal, e vai dirixido nomeadamente ao profesorado que se incorporou neste curso a ese entorno, ou que se incorporou no curso pasado. A participación é de 14 profesores e profesoras.

2. **Seminario** (20 horas) para o desenvolvemento do Programa **Inclúe-T**, para tratar de mellorar a convivencia entre o grupo de iguais, aprendendo dinámicas e estratexias na resolución de conflitos. Está formado por 14 profesores e profesoras.

3. **Seminario** (30 horas): **Polos creativos:** trátase dunha formación dirixida a deseñar, configurar e instalar todo o equipamento dos Polos creativos nos espazos elixidos; así mesmo, poñerase a disposición da comunidade educativa o inventario, as normas e o protocolo para o seu uso, e deseñarase unha proposta curricular innovadora enmarcada no proxecto de Polos creativos. Está formado por 10 profesores e profesoras.

| Actividade formativa/programa: desenvolvemento do Plan Dixital de Centro: E-Dixgal III | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Tipo** | Curso | Grupo Traballo | ☒ Seminario | Xornada | Ponencia | Taller |
| **Horas: 30** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CFR (Silvia) / coordinador TIC (José Manuel Piñeiro Lourido) | | | | | |
| **Participantes** | 14 profesores e profesoras | | | | | |
| **Actividade formativa/programa: Desenvolvemento do programa Inclúe-T** | | | | | | |
| **Tipo** | Curso | Grupo Traballo | ☒Seminario | Xornada | Ponencia | Taller |
| **Horas: 20** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CFR (Silvia) / coordinadora: especialista en Pedagoxía Terapéutica (Patricia Garaboa Vázquez ) | | | | | |
| **Participantes** | 14 profesores e profesoras | | | | | |
| **Actividade formativa/programa: desenvolvemento do programa de Polos Creativos** | | | | | | |
| **Tipo** | Curso | Grupo Traballo | ☒Seminario | Xornada | Ponencia | Taller |
| **Horas: 30** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CFR (Silvia) / coordinador TIC (Alejandro Sanmartín Enríquez) | | | | | |
| **Participantes** | 10 profesores e profesoras | | | | | |

# 10. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

Non hai no noso IES formación en centros de traballo.

# 11. PROXECTO EDUCATIVO

## 11.1. ANEXO I. DOC

Toda a información relacionada coa organización do centro (horarios de grupos e profesores, de persoal non docente, cargos, etc.) está recollida no Documento de Organización de Centro, mecanizado na plataforma informática XADE e pendente de validar pola Inspección educativa.

Figura como **un Anexo I** ao presente documento, pendente de confirmar por Inspección educativa.

## 11.2. MODIFICACIÓNS AO PEC

O Proxecto Educativo de Centro modifícase nos puntos que se detallan a seguir. Só aparecen os capítulos que son obxecto dalgunha modificación.

### CAPÍTULO I. ALIÑA 1.2.3. NIVEIS DE ENSINO QUE ABRANGUE

GRUPOS

1º ESO: 2 grupos
2º ESO: 2 grupos
3º ESO: 2 grupos
4º ESO: 2 grupos e un grupo de PDC

### CAPÍTULO I. ALIÑA 1.2.7. PROFESORADO

O IES nº 1 conta este curso cun cadro de persoal de 20 profesores e profesoras, ao que se suman as profesoras de pedagoxía terapéutica (unha delas comparte horario co Losada Diéguez e co García Barros)e o profesor de relixión, que comparte horas de docencia no Losada Diéguez.

Isto supuxo un mínimo aumento no cupo, pero tendo en conta que este curso contamos cun grupo máis que o curso pasado, seguimos estando moi xustos á hora de organizar as gardas, e na maioría das horas contamos cun único profesor/a de garda. Cómpre sinalar que tamén o Equipo Directivo se viu obrigado a colocar gardas de aula no seu horario.

Os Departamentos que sufriron algunha modificación no número de profesores e profesoras son:

- O de Matemáticas, que pasou a ter 3 profesoras (antes 2).
- O de Orientación, que pasou a ter tres profesoras, ao contar cunha nova PT que comparte horario cos outros IES.

# 12. CONCRECIÓN CURRICULAR

## 12.1. MODIFICACIÓNS

Este curso contamos con catro grupos de Portugués (2ª lingua estranxeira): un en 1º de ESO (10 alumnos e alumnas), un en 2º de ESO (5 alumnos e alumnas), un en 3º de ESO (10 alumnos e alumnas) e un en 4º de ESO (6 alumnos e alumnas)

En 2º de ESO e en 4º contamos con novas materias derivadas do currículo establecido na LOMLOE: Tecnoloxía e Dixitalización, Filosofía, FOPP e Dixitalización.

En 4º de ESO temos un grupo de PDC; o ámbito socio-lingüístico desenvólveo o departamento de Educación Física, e o ámbito científico-matemático correspóndelle ao departamento de matemáticas.

Contamos, así mesmo, con dúas materias que forman parte da sección bilingüe:

- Educación dixital de 3º de ESO, con 9 alumnos e alumnas.
- Dixitalización en 4º de ESO, con 10 alumnos.

## 12.2. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Este apartado sufriu algúns cambios, logo da entrada en vigor da LOMLOE nos cursos pares: desaparece a materia de Paisaxe e sustentabilidade en 2º ESO.

Ademais, os alumnos e alumnas que precisan de reforzo nas materias lingüísticas ou nas matemáticas xa se beneficia desa medida igualmente, ao quedaren exentos de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira.

| | | 1º ESO | 2º ESO | DEPARTAMENTO |
|---|---|---|---|---|
| **Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia** | Reforzo de linguas | X | X | L.Castelá e Xª-Historia |
| | Reforzo de matemáticas | X | X | Bioloxía e Matemáticas |

## 12.3. MATERIAS CON MENOS DE DEZ ALUMNOS E ALUMNAS

Ao abeiro da RESOLUCIÓN do 20 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/23, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma, solicitouse á administración educativa a autorización para impartir as seguintes materias que non acadan o número mínimo de alumnado establecido na normativa vixente.

Esta autorización foi concedida pola Xefatura Territorial coa finalidade de atender á diversidade en ámbitos rurais e tendo en conta que o centro conta co profesorado necesario para impartir as citadas materias:

| Materias con menos de 10 alumnos | Alumnado |
|---|---|
| **2º de ESO** | |
| Portugués | 5 |
| **3º de ESO** | |
| Francés | 5 |
| Educación dixital | 9 |
| **4º de ESO** | |
| Francés | 9 |
| Portugués | 6 |
| Plástica | 5 |
| Música | 5 |
| Filosofía | 7 |
| FOPP | 9 |

## 13. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Todo o relativo aos libros de texto estará ao cargo da Secretaría do centro, que anualmente publica a relación ao longo do mes de xuño.

Este curso o IES Nº1 continúa co proxecto E-Dixgal, aprobado en claustro no curso 2020-2021. Comezamos hai dous cursos en 1º de ESO, no pasado incorporouse en 2º de ESO, neste curso amplióuse a 3º de ESO, e no próximo ampliarase a 4º de ESO, completando así toda a etapa secundaria obrigatoria.

### 1º ESO

As materias que se sumaron ao Proxecto E-Dixgal son: Bioloxía e Xeoloxía, Francés, Portugués, Lingua galega, Educación Plástica e Visual e Educación Física. Estas materias traballan con diverso material que se ofrece na Plataforma E-Dixgal para cada unha das materias, así como material elaborado por cada docente.

A seguir, noméanse as materias que continúan a traballar con libro de texto.

| CURSO | MATERIA | EDITORIAL | TÍTULO | ISBN | LINGUA EDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º ESO | LINGUA INGLESA | OXFORD | ON TRACK 1 STUDENT´S BOOK | 978-0-19-485996-7 | INGLÉS |
| 1º ESO | XEOGRAFÍA E HISTORIA | VICENS VIVES | XH1 CER | 978-84-682-7326-6 | GALEGO |
| 1º ESO | MATEMÁTICAS | OXFORD | MATEMÁTICAS 1º GENIOX | 978-0-19-053668-8 | CASTELÁN |

### 2º ESO

As materias que se sumaron ao Proxecto E-Dixgal son: Física e Química, Francés, Portugués, Lingua galega, Educación Plástica e Visual, Tecnoloxía e Educación Física. Estas materias traballan con diverso material que se ofrece na Plataforma E-Dixgal para cada unha das materias, así como material elaborado por cada docente.

A seguir, noméanse as materias que continúan a traballar con libro de texto.

| CURSO | MATERIA | EDITORIAL | TÍTULO | ISBN | LINGUA EDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º ESO | INGLÉS | OXFORD | ON TRACK 2 STUDENT´S BOOK | 978-01-948-6023-9 | INGLÉS |
| 2º ESO | XEOGRAFÍA E HISTORIA | VICENS VIVES | XEOGRAFÍA E HISTOR 2 CER | 978-84-682-8793-5 | GALEGO |
| 2º ESO | MATEMÁTICAS | OXFORD | MATEMÁTICAS 2º GENIOX | 978-01-905-4172-9 | CASTELÁN |

## 3º ESO

As materias que se sumaron ao Proxecto E-Dixgal son: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Francés, Portugués,  Lingua galega, Educación Plástica e Visual, Música, Educación dixital e Educación Física.

A seguir, noméanse as materias que continúan a traballar con libro de texto.

| CURSO | MATERIA | EDITORIAL | TÍTULO | ISBN | LINGUA EDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 3º ESO | LINGUA INGLESA | OXFORD | ON TRACK 3 STUDENT´S BOOK | 978-0-19-486043-7 | INGLÉS |
| 3º ESO | XEOGRAFÍA E HISTORIA | VICENS VIVES | XEOGRAFÍA E HISTOR 3 CER | 978-8-46-828507-8 | GALEGO |
| 3º ESO | MATEMÁTICAS | OXFORD | MATEMÁTICAS GENIOX 3º | 978-0-19-053669-5 | CASTELÁN |

## 4º ESO

| CURSO | MATERIA | EDITORIAL | TÍTULO | ISBN | LINGUA EDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 4º ESO | LINGUA INGLESA | OXFORD | ON TRACK 4 STUDENT´S BOOK | 978-01-948-6065-9 | INGLÉS |
| 4º ESO | MATEMÁTICAS | OXFORD | MATEMÁTICAS GENIOX 4º | 978-01-905-4128-6 | CASTELÁN |
| 4º ESO | XEOGRAFÍA E HISTORIA | VICENS VIVES | XEOGRAFÍA E HISTORIA 4 | 978-84-682-9519-0 | GALEGO |
| 4º ESO | ECONOMÍA | MCGRAW HILL | ECONOMÍA Y EMPRENDIMENTO 4 | 978-84-486-3784-2 | CASTELÁN |

## 14. PLAN ANUAL DE LECTURA

Figura como un **Anexo III** ao presente documento

## 15. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL

Figura como un **Anexo IV** ao presente documento.

## 16. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Neste curso, no noso IES continuarase coa práctica de gardas saudables, de maneira que o profesorado de garda, ante a ausencia dun profesor ou profesora, poderá optar entre as gardas lectoras, aprobadas en claustro hai varios anos, ou estas novas gardas saudables, aprobadas en claustro no curso pasado.

Estas gardas consisten en facer pequenos percorridos arredor do IES (40 minutos, aprox.) co alumnado nas horas de garda, sempre que o permitan as condicións climatolóxicas.

Ademais, neste curso o Departamento de Educación Física coordinará a elaboración do Plan de Hábitos de Vida Saudable, que deberá ser asumido polo conxunto da comunidade educativa.

## 17. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Figura como un **Anexo V** ao presente documento

## 18. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

Figura como un **Anexo VI** ao presente documento

## 19. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

Figura como un **Anexo VII** ao presente documento

## 20. SECCIÓN BILINGÜE

Este programa supón a organización do ensino dunha materia non lingüística de educación secundaria obrigatoria, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnado dun xeito bilingüe na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira, que é impartida como materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas (Orde do 12 de maio de 2011, DOG do 20 de maio).

### 20.1. PROFESORADO RESPONSABLE

| Coordinadora | Departamento | Horas de redución |
|---|---|---|
| Lucía Otero Fernández (en substitución da titular Yolanda Terrón del Valle) | Inglés | 1 hora semanal |
| **Profesor AICLE/CLIL** | **Departamento** | **Nivel** |
| José Manuel Lareo Sánchez | Tecnoloxía | Nivel Avanzado (EOI) |

### 20.2. SECCIÓNS BILINGÜES

Este curso haberá dúas seccións bilingües: na materia de Educación dixital de 3º de ESO e na materia optativa de Dixitalización de 4º de ESO, impartidas en Lingua inglesa.

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Nº alumnado nova incorporación | Teñen autorización por escrito dos pais | Materias | Lingua na que se imparte |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º ESO | 1 | 9 | 9 | ☒ Si ☐ Non | Ed. dixital | Inglés |
| 4º ESO | 1 | 10 | 10 | ☒ Si ☐ Non | Dixitalización | Inglés |

Os obxectivos que se pretenden acadar co desenvolvemento das Seccións Bilingües das materias de Educación dixital e de Dixitalización en Lingua Inglesa, ademais dos propios da materia, son:

- Reforzar a aprendizaxe da Lingua Inglesa.
- Fomentar o emprego da lingua estranxeira (Inglés) como vehículo de comunicación.
- Favorecer a fluidez e espontaneidade de expresión na lingua estranxeira grazas ao seu emprego nun entorno en que o Inglés non está a ser o obxecto de cualificación.
- Empregar o Inglés de forma natural fóra do horario especifico de Lingua Inglesa, debido ao incremento paulatino da presencia desta lingua nas aulas de Educación dixital e de Dixitalización.
- Fomentar a interdisciplinariedade.
- Adquirir a terminoloxía específica de carácter científico-técnico na lingua estranxeira.
- Facer significativa para o alumnado a forte presencia e importancia do Inglés en todos os campos tecnolóxicos, científicos e da información e a comunicación.

## 20.3. METODOLOXÍA EMPREGADA

A metodoloxía que utilizaremos co noso alumnado da Sección bilingüe será a AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras), que fai referencia ás situacións en que certas materias ou parte de materias se ensinan a través dunha lingua estranxeira cun dobre obxectivo: a aprendizaxe de contidos propios desa materia e a aprendizaxe simultánea da lingua estranxeira.

Algúns dos principios básicos da práctica de AICLE na aula son:

- Uso da lingua estranxeira para a aprendizaxe e a comunicación.
- Utilización dunha terminoloxía na lingua estranxeira que vén dada pola materia que se necesita aprender.
- Consideración da fluidez no uso da lingua como un aspecto esencial, máis que a exactitude na súa utilización.

## 20.4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA SECCIÓN BILINGÜE

Durante o desenvolvemento do Proxecto da sección bilingüe e ao finalizar o curso escolar, debemos valorar non só se se acadaron os obxectivos enriba recollidos, senón tamén se se puideron desenvolver os contidos propios das materias de Educación dixital e de Dixitalización ou se se viron ralentizados polo emprego da lingua estranxeira, así como o grao de desenvolvemento acadado. Para avaliar todos estes aspectos do proxecto, algunhas das pautas a seguir serán:

- Observación directa do alumnado. Prestar atención aos comportamentos e respostas do alumnado cando reciben instrucións orais en inglés. O emprego en maior ou menor medida do inglés para comunicarse en parellas ou pequeno grupo durante as clases prácticas ou no tempo de traballo na aula son aspectos que nos permitirán coñecer se os alumnos e alumnas están a adquirir o vocabulario e estratexias necesarias para comunicarse na lingua estranxeira, o seu grao de motivación e se o entorno lles resulta o suficientemente espontáneo e natural. Ademais, hai que ter en conta que a presencia do profesor prestando atención ás súas conversacións é unha motivación engadida para empregar o inglés.
- Realización de enquisas de autoavaliación do emprego do Inglés. Partimos dun alumnado que está especialmente motivado para empregar o inglés durante as clases de Educación Dixital e de Dixitalización. Debemos manter e fomentar ese interese e darlles as ferramentas e habilidades necesarias para lograr facer do Inglés o seu vehículo de comunicación. Durante as clases prácticas os alumnos saben que non están a ser avaliados polo seu emprego do Inglés e ademais a presencia do profesor en cada pequeno grupo non é constante. Por este motivo resulta fundamental que eles

tomen conciencia da súa responsabilidade de tentar empregar o inglés para que o proxecto funcione.

- Realización de actividades lúdicas para valorar a adquisición da terminoloxía específica: sopas de letras, encrucillados, xogos de preguntas ou pistas en internet, elaboración de pósters, actividades etc., que se desenvolverán sobre todo na web. A coordinación co departamento de inglés permitirá avaliar este aspecto.
- Observación do grao de autonomía de cada alumno ou alumna cando se lle dan unhas instrucións escritas en inglés ou se fai uso dalgún programa de software en lingua inglesa.
- Temporalización e grao de desenvolvemento dos contidos curriculares propios das materias de Educación dixital de 3º de ESO e da de Dixitalización de 4º da ESO. A coordinación e comparación dentro do Departamento do grao de desenvolvemento da programación permitirá valorar e corrixir se os contidos e obxectivos propios da área están a verse prexudicados polo emprego da lingua estranxeira. Así mesmo, as cualificacións obtidas polos alumnos e alumnas nas distintas probas obxectivas permitirannos valorar o grao de desenvolvemento acadado dos distintos obxectivos.
- Observación do alumnado en situacións de inmersión lingüística. Podería ser interesante comprobar se, coa participación na Sección Bilingüe, o alumnado se sente máis seguro á hora de participar noutras actividades realizadas en lingua inglesa, polo que podería ser motivador algún tipo de intercambio ou viaxe de inmersión cultural, teatro en inglés, ou polo menos levar a cabo unha relación con outros alumnos de fala inglesa, aproveitando as ferramentas informáticas: *mail, chat…*
- Enquisa de avaliación do proxecto. A elaboración por parte do profesorado implicado dunha enquisa que os alumnos deberán responder en que se valoren aspectos relativos aos obxectivos iniciais, así como aspectos relativos á organización da aula, ás estratexias metodolóxicas empregadas e á súa experiencia persoal será un punto importante á hora de corrixir distintos elementos para vindeiras experiencias ou de continuar coa liña seguida. Das respostas achegadas polo alumnado poderán concluírse se consideraron positiva a experiencia, se volverían a participar, se lles resultou moi difícil e en que aspectos, cales foron as súas actividades favoritas, se consideraran que melloraron a súa expresión e comprensión en inglés, se adquiriron máis vocabulario, se se sentían cómodos para expresarse en inglés, se consideran que aprenderon menos Educación dixital ou Dixitalización polo feito de que parte das aulas tivesen lugar en inglés…

## 20.5. AUXILIAR DE CONVERSA

Neste curso 2023-2024 o Centro conta de novo coa axuda dunha auxiliar de conversa, que desenvolve un horario de 8 horas semanais e asiste ás materias da Sección Bilingüe, así como ás aulas de Inglés, na medida en que se poida axustar o seu horario.

Ao igual que durante o curso pasado, esta auxiliar de conversa é compartida co CEIP de Oca, e acode ao noso IES dende o 1 de outubro até o 31 de maio, os luns e os martes. As funcións máis relevantes da auxiliar de conversa son:

- Asistir ao profesor de Dixitalización e de Educación dixital da sección bilingüe, así como á profesora especialista da lingua estranxeira nas aulas de Inglés.
- Realizar unha axuda personalizada ao alumnado no que atinxe ao uso do Inglés.

Estas funcións da auxiliar de conversa pretenden que o alumnado acade os seguintes obxectivos, no tocante ao dominio do inglés como 1ª lingua estranxeira:

- Profundar no coñecemento da lingua inglesa de xeito natural.
- Acadar un maior dominio no uso oral da lingua inglesa.
- Aumentar o dominio do inglés nas cinco habilidades que caracterizan a aprendizaxe dun idioma: escoitar, ler, falar, escribir e interactuar oralmente.
- Adquirir unha competencia similar á que ten na lingua materna no idioma inglés, que lles permita usar unha ou outra lingua en calquera circunstancia con parecida eficacia.
- Coñecer e aprender os aspectos fundamentais que caracterizan a sociedade dos países de cultura anglosaxoa.
- Valorar o coñecemento doutras sociedades a través do uso da lingua inglesa.

Para conseguir todo isto, baseámonos nos seguintes obxectivos lingüísticos, culturais e cognitivos, así como os que persegue o propio centro:

***Obxectivos lingüísticos:***

- Aumentar a adquisición e a aprendizaxe do inglés a través da Educación dixital e da Dixitalización.
- Traballar a competencia lingüística e comunicativa a través das *destrezas (listening, speaking, reading, writing and oral interaction)*.
- Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado en inglés, utilizándoo como vehículo de comunicación habitual na aula e creando situacións reais de comunicación.

***Obxectivos culturais***

- Coñecer outras culturas e costumes, o que axudará ao alumnado a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural, desenvolvendo un espírito crítico.
- Crear conciencia da diversidade cultural.

***Obxectivos cognitivos***

- Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico comunicativo de ambas as dúas linguas (inglés e galego), o cal axudará á súa aprendizaxe.

***Obxectivos do centro***

- Fomentar o traballo en equipo entre as profesoras especialistas en inglés, o profesor de Educación dixital e de Tics e a auxiliar de conversa.
- Crear un fondo de recursos materiais adquiridos e de propia creación.

# 21. PLAN PROXECTA

## 21.1. DATOS TÉCNICOS

I. Código da actividade: 41815
II. Programa: 18. Proxecto Terra.
III. Estado: admitido
*IV.* Título: *Cos pés na Terra*
**V. Coordinadora: Rosario Blanco Gómez**
VI. Profesorado colaborador:
  - Alejandro Sanmartín Enríquez
  - Mónica Mato Bustelo
  - Mª Hortensia Rodríguez Vicente
  - Román Cerqueiro Landín
  - Patricia Garaboa Vázquez

## 21.2. OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental do plan é inculcar no alumnado o coñecemento, respecto e amor polo territorio que habita, cunha metodoloxía interdisciplinaria que vai máis alá das paredes das aulas, facendo fincapé na paisaxe, a identidade territorial e o coñecemento do medio.

Como obxectivos específicos, salientamos:

1. Mellorar o coñecemento sobre os espazos que habitamos.
2. Mellorar o coñecemento acerca da identidade territorial de Galiza.
3. Fomentar a toma de conciencia, implicación e responsabilidade da cidadanía na construción e posta en valor destes espazos.
4. Procurar a concienciación no tocante aos problemas básicos da ocupación do territorio e da arquitectura, potenciando unha visión crítica, pero construtiva, desde un enfoque en que prevalezan os dereitos.
5. Concienciarse acerca da importancia que os espazos vitais desenvolven na nosa calidade de vida.
6. Comprender a importancia do patrimonio construído herdado, como resultado dun continuo histórico que ten a virtualidade de unir presente, pasado e futuro, para así conformar a identidade dunha comunidade.

7. Responsabilizarse nas actuacións directas e persoais sobre o territorio e aprender a actuar positivamente sobre el.
8. Coñecer a normativa e recursos necesarios para contrarrestar as agresións ao territorio.
9. Coñecer e visitar as paisaxes da nosa contorna.

## 21.3. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Estamos ante un proxecto interdisciplinario, no que participan os departamentos de Xeografía e Historia, Plástica e Visual, Educación Física, Francés, Lingua galega e Orientación.

Pártese da análise e toma de datos dos elementos máis característicos do territorio, do estudo dos nosos sinais de identidade e do noso patrimonio cultural e arquitectónico, para poñer en valor a paisaxe natural e as manifestacións artísticas que atopamos na nosa contorna:

- Os ríos máis próximos: Ulla, Umia, Liñares...
- Os petróglifos de Campo Lameiro etc.

A metodoloxía ha de ser diversa, combinando recursos gráficos, fotográficos e audiovisuais, que potencien o uso das TIC entre o alumnado. Os traballos serán expostos na páxina web do centro e en diversas redes sociais, para así dalos a coñecer entre toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais e nais, persoal non docente).

## 21.4. AVALIACIÓN

Na avaliación deste proxecto, analizaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento da sensibilidade e do grao de implicación do propio alumnado na súa relación co medio.
- Valoración da capacidade de compresión acerca da complexidade do territorio e da paisaxe, así como dos elementos que os compoñen.
- Valoración da capacidade e interese para intervir positivamente no territorio.
- Concienciación para realizar un uso responsable e sustentable do territorio, dada a súa importancia na construción dunha sociedade actual e futura máis xusta.

# 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

## 22.1. PLAMBE

O IES Nº1 incorporouse ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares no curso 2011/2012 (Orde do 1 de setembro de 2011) e dende entón estamos integrados en dito plan.

Para máis información sobre a organización e o funcionamento da Biblioteca, pódese consultar o **Anexo II** correspondente deste documento.

## 22.2. CLUB DE LECTURA

Dende hai algúns anos desenvólvese no noso IES un club de lectura, co nome de carballeira.n1 e que para este curso presenta dúas modalidades de participación:

- Club para alumnado de 1º e 2º de ESO, que tratará de diferentes temáticas ao longo do curso: a igualdade, a diversidade, o medio ambiente...
- Club para alumnado de 3º e 4º de ESO, que tratará diferentes temáticas ao longo do curso, así como diversos xéneros: lecturas sobre a igualdade, lecturas sobre a diversidade e lecturas de carácter científico.

A súa organización e funcionamento dependen do equipo de dinamización da Biblioteca, e conta con varios profesores e profesoras do IES para a súa coordinación.

## 22.3 PROGRAMA CUALE

O programa CUALE (Cursos para a Formación Complementaria da Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras) consiste nun curso no que se prepara ao alumnado para a realización das probas de certificación da Escola Oficial de Idiomas de maneira totalmente gratuíta. Pode desenvolverse en catro modalidades diferentes, correspondentes aos distintos niveis de dominio dun idioma: A1, A2, B1 e B2. Proporciona formación complementaria de linguas estranxeiras, seguindo os niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e lévase a cabo dentro do propio centro, fóra do horario lectivo xeral.
No noso centro impartimos o CUALE de preparación para as probas de certificación do nivel B1 de Inglés na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela. As clases teñen lugar os mércores, en horario de 15:30 a 17:15 h, e son desenvolvidas pola profesora Ana Isabel López Novo. Ao final de curso, o alumnado inscrito realizará unha proba e, no caso de superala, recibirá un certificado de acreditación.

## 22.4. POLOS CREATIVOS

Neste curso, iniciamos un novo proxecto, o dos Polos creativos. Para levalo a cabo, solicitouse un Plan de Formación de profesorado , na modalidade de Seminario, cun total de 30 horas de formación. Este proxecto, coordinado polo profesor Alejandro Sanmartín Enríquez, desenvolverase ao longo do curso, ata o mes de maio, e ten como obxectivos e contidos fundamentais os seguintes:

**Obxectivos:**

- Deseñar, configurar e instalar todo o equipamento de Polos creativos no espazo ou espazos elixidos.
- Elaborar e difundir: inventario, normas e protocolos que permiten poñer o equipamento dispoñible a disposición da comunidade educativa.
- Deseñar e aplicar unha proposta curricular innovadora enmarcada no proxecto de Polos Creativos.

**Contidos:**

- Deseño e aplicación de propostas innovadoras enmarcadas no enfoque STEAM.
- Espazos para a difusión, colaboración e seguimento do proxecto de polos creativos.
- Traballo colaborativo no centro.

## 22.5 CONTRATO-PROGRAMA INCLÚE-T

CPInclúe é un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da nosa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), poidamos desenvolver un plan de mellora que contribúa a acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

O noso IES solicitou a modalidade do programa Inclúe-T, coordinado por Lourdes Bao Cebeiro, xefa do departamento de orientación. Desenvolverase ao longo do curso, e ten como principais obxectivos e contidos os que se sinalan a seguir:

**Obxectivos:**

- Dotar de estratexias ao profesorado e ao alumnado para mellorar o clima de aula e de centro.

**Contidos:**

- Dinámicas para favorecer a inclusión de todo o alumnado e a prevención de

conflitos.

Continuando coa liña de traballar a Convivencia, solicitouse un Plan de Formación de profesorado , na modalidade de Seminario, cun total de 20 horas de formación, que coordina Patricia Garaboa Vázquez, especialista en pedagoxía terapéutica (PT).

## 22.6 PROXECTO E-DIXGAL

A finais do curso 20-21, o noso centro aprobou a integración neste proxecto, que se desenvolveu nos cursos pasados en 1º curso da ESO e en 2º de ESO e xa neste curso 2023-2024, en 3º de ESO, ata ir completando a súa incorporación en todos os cursos da ESO.

Tamén se pode consultar este proxecto no **anexo IV** correspondente, formando parte do plan de incorporación das Tics.

# 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

A seguir detállanse as distintas instalacións con que contamos no IES, cuxa utilización vén dada polas propias características de cada unha delas: lugar onde se desenvolven as aulas das distintas materias, lugar onde se realizan as funcións propias da Secretaría do Centro, lugar onde se desenvolven as reunións dos distintos Departamentos etc.

## I. EDIFICIO A

É o edificio principal, que consta de tres plantas en que se atopan:

- 13 aulas ordinarias
- a conserxaría
- a oficina de administración
- os despachos de Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría e Orientación.
- a sala de profesorado
- os distintos departamentos didácticos
- a sala de titorías
- as aulas específicas: Educación Plástica e Visual, Tecnoloxía, Informática, Música e 2 aulas TIC.
- a Biblioteca
- baños en cada planta
- sala de caldeiras
- almacéns de limpeza
- cafetaría

## II. EDIFICIO B

É un edificio de dúas plantas, en que se atopan:

- ximnasio
- aulas do departamento de Educación física
- baños e duchas
- almacén con material deportivo

## III. RECINTO ESCOLAR

É a contorna que rodea os dous edificios, en que se atopan:

- aparcamento
- un espazo cuberto para o recreo
- 2 campos de fútbol.
- 1 campo de baloncesto
- unha ampla zona axardinada con estanques e árbores.

# 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A Avaliación desta Programación Xeral será realizada ao longo do curso. Achegará datos que serán plasmados na Memoria Final e que servirán para introducir as correspondentes modificacións oportunas na Programación Xeral Anual do vindeiro curso.

Para esta Avaliación utilizaremos como instrumentos:

- Actas de reunións.
- Informes dos Departamentos.
- Información achegada pola familia, alumnado…
- Observacións do Equipo Directivo
- Enquisas ao alumnado e ás familias.

Avaliaranse preferentemente os seguintes ámbitos:

- Rendemento académico.
- Clima escolar.
- Resolución de conflitos.
- Participación.
- Colaboración centro-familias-concello…
- Organización.
- Innovación.
- Conservación e mantemento das instalacións.

## 25. ANEXOS

- **ANEXO I:** DOC
- **ANEXO II**: ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA
- **ANEXO III**: PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)
- **ANEXO IV**: PLAN DE INTEGRACIÓNS DAS TIC. PROGRAMA E-DIXGAL. CONCRECIÓN ANUAL
- **ANEXO V**: ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO
- **ANEXO VI**: PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL
- **ANEXO VII**: PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL
- **ANEXO VIII**: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CONCRECIÓN ANUAL.